



PROBA: XXXVIII RALI BERBERECHO DE NOIA

PROVINCIA: A CORUÑA

DATA: 19 e 20 de Abril do 2024



ARTIGO 1 - PROGRAMA HORARIO

DATA	HORARIO	PROGRAMA	LUGAR
18/03/2024	10:00	Apertura de inscricións (Pilotos Inscritos Campionato Galego)	Escudería Berberecho C/ Ramal de Balbargos 5 (Obre) 15200 Noia, A Coruña TLF: 658661795 www.ralinoia.es ralinoia@gmail.com
19/03/2024	10:00	Apertura de inscricións (Resto de Pilotos)	
08/04/2024	20:00	Peche de inscricións (Deberá estar enviada toda a documentación para realizar as verificacións administrativas a ralinoia@gmail.com)	
11/04/2024	20:00	Publicación lista de inscritos	www.ralinoia.es www.fga.es
13/04/2024	09:00 a 12:00	Distribución do libro de ruta, GPS e Documentación	Cervecería Gasset (Malecón de Cadarso, Noia)
14/04/2024		Verificacións Administrativas	
17/04/2024	09:00 a 20:00	Autorización para Recoñecementos	Nos treitos en función da data elixida polo piloto, e de acordo coa organización.
18/04/2024			
	14:00 a 15:30 15:31 a 17:00 17:01 a 18:30	Verificacións Técnicas e instalación GPS Nº 01 a Nº51 Nº 52 a Nº101 Nº 102 a Nº152	Carpas situadas no Malecón de San Lázaro
19/04/2024	19:30	Hora límite presentación de Vehículos no parque pechado	Parque Pechado Labarta
	19:45	Publicación lista de autorizados a toma-la saída	Taboleiro Oficial de Avisos
	20:15	Saída 1º participante 1ª Etapa 1ª Sección	Parque Pechado Labarta
	20:30	Ceremonia de Saída	Alameda de Noia
	20:45	Chegada 1º Participante 1ª Etapa 1ª Sección	Parque Pechado Labarta
20/04/2024	07:55	Saída 1º participante 2ª Etapa 2ª Sección	Parque Pechado Labarta
	09:45	Chegada 1º participante 2ª Etapa 2ª Sección	Reagrupamento Brión
	10:20	Saída 1º participante 2ª Etapa 3ª Sección	Reagrupamento Brión
	13:00	Chegada 1º participante 2ª Etapa 3ª Sección	Reagrupamento Labarta
	14:45	Saída 1º participante 2ª Etapa 4ª Sección	Reagrupamento Labarta
	17:15	Chegada 1º participante 2ª Etapa 4ª Sección	Reagrupamento Ames
	17:50	Saída 1º participante 2ª Etapa 5ª Sección	Reagrupamento Ames
	20:20	Chegada 1º participante 2ª Etapa 5ª Sección	Parque Pechado Labarta
	21:00	Verificacións final de Oficio	Talleres Noia
	22:30	Publicación de Resultados	Taboleiro Oficial de Avisos
	23:00	Reparto de premios e Trofeos	Coliseo Noela, Noia

PARA PODER REALIZAR OS RECONOCEMENTOS, SERÁ OBRIGATORIO TER ENVIADO AO CORREO ELECTRÓNICO ralinoia@gmail.com TODA A DOCUMENTACIÓN DAS VERIFICACIÓN ADMINISTRATIVAS ANTES DO LUNES 8 DE ABRIL ÁS 20:00 HORAS. A BOLSA COS DORSALES E RESTO DE DOCUMENTACIÓN, ENTREGARASE CO RUTÓMETRO E GPS O DÍA DOS RECONOCEMENTOS.

Nota: Levantamento vehículos parque pechado: Unha vez publicada a clasificación FINAL OFICIAL, autorízase a tódolos participantes a sacalos vehículos sen ter que esperar ás entregas de premios.

Horario de entrada a Parque de Asistencia: **Horas: Dende as 10:00 do día 19 de Abril**
NON SE RESERVAN SITIOS!!! (1 Coche de Asistencia por cada participante como máximo)

TABOLEIRO OFICIAL DE AVISOS

Dende o día 18 de Marzo ás 10:00 horas, ata o día 18 de Abril ás 20:00 horas estará situado na Oficina da Escudería Berberecho, sita en:

ESCUDERÍA BERBERECHO

Local Social de Sampaio, Sta. María de Roo

C.P.: 15.200 de Noia

Teléfono: 636713606

e-mail: ralinoia@gmail.com

Dende o día 18 de Abril ás 20:00 horas, ata as 23:45 horas do día 20 de Abril, na Oficina Permanente do Rallye, sita na Rúa Espírito Santo..

ARTIGO 2 - ORGANIZACIÓN

A **ESCUDERÍA Berberecho** organiza o **XXXVIII RALI BERBERECHO DE NOIA**, que se desenvolverá os días 19 e 20 de Abril do ano **2024**.

Este Rallye disputarase de acordo co establecido nas prescricións comúns dos Campionatos e Copas de Galicia 2024, , o Regulamento Xeral do Campionato de Galicia de Rallyes, o presente Regulamento Particular da proba, o C.D.I. (e os seus anexos), as prescricións xerais aplicadas a tódolos Campionatos e Copas F.I.A., no seu caso, e os Regulamentos Xerais dos mesmos, aprobados pola Federación Galega de Automobilismo o día 23 de Febreiro de 2024.

A proba ten o Permiso de Organización da Federación Galega de Automobilismo número **GA-004-RA**.

Artigo 2.1 - Comité de Organización

PRESIDENTE D. José Javier Rodríguez Martínez

VOCAIS D. Santiago Creo Batalla

D. Marcos Viñas Siso

D. José Rial Tubío

D. Juan Francisco Almeida Ortiz

D. Alberto Freire Romani

Dna. Verónica Morales Peréz

Dna. Sonia Carou Gómez

Dna. Katia Collazo Queiruga

D. Francisco Barreiro Caamaño

SECRETARIO D. Álvaro García Agra

Dirección da Secretaría do Comité Organizador:

ESCUDERÍA BERBERECHO

Rúa: Ramal de Balbargos, 5 Obre

C.P.: 15200 Municipio: Noia Provincia: A Coruña

Teléfonos: **636713606**

Web: www.ralinoia.es e-mail: ralinoia@gmail.com

Artigo 2.2. Oficiais:

Presidente Escudería/Comité Organizador:

D. José Javier Rodríguez Martínez

DC-0498-GA-AUT

Comisarios Deportivos:

Presidente: D. A designar pola FGA

D. Francisco Barreiro Caamaño

CD-0499-GA-AUT

Dna. Alessandra Dosil Vázquez

DC-0011-GA-AUT

Observador da F.G. de A./ Delagado de Seguridade

D. Moisés García Fernández

OBS-0007-GA-AUT

Director da Carreira-Oficina:

D. Mario Pazos Alvite

DC-0500-GA-AUT

Xefe de cronometraxe:

D. José Javier Rodríguez Martínez

DC-0498-GA-AUT

Comisarios Técnicos da F.G.A. Para control xeral e das Fórmulas de Promoción:

D. José A. Martínez del Río

JOC-0012-GA-AUT

Comisarios Técnicos da Escudería Verificacións Xerais:

D. Germán Romero Ourille

JOC-0502-GA-AUT

D. José María Collazo Martínez

JOC-0501-GA-AUT

Xefes de treito:

Equipo A

Dna. María Pérez Burgos

DC-0015-GA-AUT

Equipo B

D. Alberto Freire Romani

JDA-0503-GA-AUT

Xefes de Seguridade Vial Treitos:

Equipo A

D. Andrés Tejo Vila

DC-0267-GA-AUT

Equipo B

D. Daniel Mella Blanco

DC-0062-GA-AUT

Responsable Equipos Cronometraxe:

D. Alvaro García Agra

DC-0507-GA-AUT

Vehículo "XEFE SEGURIDADE VIAL":

D. José Rial Tubío

DC-0505-GA-AUT

Vehículo "0":

D. A designar pola FGA

D. A designar pola FGA

Vehículo "00" (DIRECTOR ADXUNTO NA ESTRADA):

D. José Calviño Carreño

DC-0504-GA-AUT

Vehículo ESCOBA:

D. Marcos Viñas Siso

DC-0506-GA-AUT

Servizo Informático e publicación de tempos: Atodomotor**Servizo de Ambulancias:** Ambulancias Nordés**Servizos Médicos:** E.M.S. Galicia**Centros Asistenciais:** PAC Noia, CHUS, SOS Galicia, e os designados por concerto pola CIA aseguradora Allianz.**Servizo de Guindastres:** Desguaces Lual, Grúas Cruceiro, JR Automoción e Grúas Elgasa.**Nota:** En cumprimento da normativa de expedición de licenzas, o resto dos oficiais da proba comunicaranse en COMPLEMENTO numerado e datado, alomenos sete días antes da celebración da proba.

O Vehículo "0" pasará diante do primeiro participante coa antelación suficiente para non ser alcanzado polo mesmo.

O Vehículo Escoba pasará xusto detrás do derradeiro participante. Estes dous vehículos terán que ser pilotados por Oficiais con licenza DC, agás o piloto do Vehículo "0" que deberá ter licenza de piloto, expedidas pola F.G. de A., e á súa vez deben ser incluídos no Seguro contratado polo Organizador para a cobertura do meeting no eido dos participantes

ARTIGO 3 - PUNTUABILIDADE

O **XXXVIII RALI BERBERECHO DE NOIA** é puntuable para os seguintes Campionatos e Copas:

- Campionato de Galicia de Rallyes sobre asfalto (Piloto e Copiloto).
 - Campionato de Galicia de Rallyes de Vehículos Históricos (Piloto e Copiloto)
 - Campionato de Galicia de Rallyes para Escuderías
 - Copa de Galicia de Rallyes para pilotos (Agrupacións 1, 2, 3, 4, 5, 6 e 7)..
 - 5º Supercampionato R5 Recalvi-Pirelli
 - 15ª Copa Top Ten Pirelli-Driver-Autia (A, B e C)
 - 19º Volante FGA – 8ª Promoción Xoven Piloto de Galicia (Beca PXP25)
 - 15ª Copa Pirelli AMF Motorsport
 - 3º Trofeo Portus Apostoli – Escudería Berberecho
 - 2ª Copa Ventanas Xagal – Escudería Berberecho
- E as que designe a F.G. de A.

ARTIGO 4 - DESCRICIÓN

O **XXXVIII RALI BERBERECHO DE NOIA**, consta dun percorrido total de 306,550 **quilómetros**, dos cales **99,300 quilómetros** corresponden a 8 Treitos Cronometrados por estradas asfaltadas pechadas ó tráfico.

Está dividido en **2 Etapas** e **5 Seccións**.

O Itinerario-Horario figura no Anexo VI do presente Regulamento.

No Carné de Control e no Libro de Ruta constan detallados o percorrido, Etapas e Seccións, así como os Controis Horarios, Recorridos alternativos, e Reagrupamentos.

O Rallye terá **4** Parques de Traballo.

ARTIGO 5 – VEHÍCULOS ADMITIDOS

Os Vehículos Admitidos son os Publicados no Regulamento Xeral do CGR.

ARTIGO 6 – CONCURSANTES ADMITIDOS

Para participar nos Campionatos e Copas de Galicia estarase ao disposto no Anexo I publicado pola Federación Galega de Automobilismo.

ARTIGO 7 – SOLICITUDE DE INSCRICIÓN – INSCRICIÓN

7.1.- Todo equipo que desexe participar no **XXXVIII RALI BERBERECHO DE NOIA**, terá que cumprimentar telemáticamente en www.fga.es o formulario de inscrición. A falla de calquera dos datos requiridos no formulario implicará que non se complete e polo tanto se refusa a mesma. O xustificante de ingreso bancario terá que ser enviado ó e-mail: ralinoia@gmail.com antes do peche do prazo de inscrición.

7.2.- O número de inscritos fíxase nun máximo de **150** vehículos.

7.3.- Os dereitos de inscrición deberán ser satisfeitos da seguinte forma:

Na conta corrente **ES92 2080 0381 0730 4000 8395** de **ABANCA** (Sucursal de Noia)
NON SE DEVOLVERÁN OS DEREITOS DE INSCRICIÓN A NINGÚN PARTICIPANTE
UNHA VEZ PUBLICADA A LISTA DE INSCRITOS

7.4.- Admitiranse Inscripcións condicionadas, unha vez superado o número de inscritos fixado como máximo.

NON SE CONSIDERARÁ INSCRITO NINGÚN EQUIPO QUE INCUMPLA TOTAL OU PARCIALMENTE O SINALADO NESTE ARTIGO 7

ARTIGO 8 – DEREITOS DE INSCRICIÓN - SEGUROS

8.1.- Os Dereitos de Inscripción fíxanse en:

8.1.1.- 330€ (+33,88€ aluguer GPS) aceptando a publicidade facultativa proposta pola organización.

8.1.2.- 660 € (+33,88€ aluguer GPS) NON aceptando a publicidade facultativa proposta pola organización.

8.2.- A solicitude de inscrición NON se aceptará se non vai acompañada dos Dereitos de Inscripción.

8.3.- Os Dereitos de Inscripción comprenden o Seguro garantindo a Responsabilidade Civil fronte a terceiros, de acordo coa Regulamentación da Federación Galega de Automobilismo.

8.4.- Os Dereitos de Inscripción tan só serán reembolsados aos equipos cuxas inscricións sexan rexeitadas, ou no caso de que a proba non se celebrara. En ningún outro caso serán devoltos.

ARTIGO 9 – HORA OFICIAL DO RALI

Durante o transcurso do Rali, a hora oficial será a emitida polos Cronómetros da F.G. de A. e a web www.time.is.

ARTIGO 10 - PREMIOS

CLASIFICACIÓN XERAL SCRATCH	
1º	1.500,00 € e 2 Trofeos (Piloto e Copiloto)
2º	1.100,00 € e 2 Trofeos (Piloto e Copiloto)
3º	825,00 € e 2 Trofeos (Piloto e Copiloto)
4º	625,00 € e 2 Trofeos (Piloto e Copiloto)
5º	375,00 € e 2 Trofeos (Piloto e Copiloto)
6º	325,00 € e 2 Trofeos (Piloto e Copiloto)

AGRUPACIÓNS (1,2,3,4,5,6 e 7)	
1º	240,00 € e 2 Trofeos
2º	120,00 Euros
3º	90,00 Euros

TOTAL PREMIOS	
9.100,00 €	

3º TROFEO PORTUS APOSTOLI – 2ª COPA VENTANAS XAGAL	
1º	300,00 € e 2 Trofeos
2º	200,00 € e 2 Trofeos
3º	100,00 € e 2 Trofeos

Para recibir o premio acadado (tanto o metálico, como o trofeo), será indispensable a presenza na entrega de premios do piloto e copiloto. No caso contrario, enténdese que se renuncia a eles, quedando en propiedade da organización.

COPAS DE PROMOCIÓN: A FGA enviará os trofeos ó organizador para entregar ó 1º clasificado (piloto e copiloto) de cada copa de promoción.

ARTIGO 11- ENCARGADO DA RELACIÓN COS PARTICIPANTES



Álvaro García Agra

ARTIGO 12- SUPER RALI

Según artículo 15 do Regulamento de Rallyes. O anexo III contén o modelo de solicitude

ARTIGO 13 – CEREMONIA DE SAÍDA

O día 19 de abril de 2024 ás 20:30 celebrarase a cerimonia de saída do XXXVIII Rali Berberecho de Noia, na Alameda de Noia. O tempo calculado para realizar a Ceremonia (30 minutos) é orientativo, non habrá penalizacións, só controis de paso.

ARTIGO 14 – PUBLICIDADE DA PROBA

Será publicada mediante Complemento

D. José Javier Rodríguez Martínez, provisto da licenza do Colexio de Oficiais de Automobilismo de Galicia, solicito a aprobación do presente Regulamento Particular da Proba á Federación Galega de Automobilismo.

En Noia, a 18 de Febreiro de 2024

Director da Proba
D. Mario Pazos Alvite
D.N.I. 53.799.173-B

Xefe Seguridade Vial
D. José Rial Tubío
D.N.I. 33.202.382-L

Entidade: Escudería Berberecho
D. J. Javier Rodríguez Martínez (Presidente)
C.I.F.: G- 15.143.662


PROGRAMA-HORARIO DE REUNIONS DE COMISARIOS DEPORTIVOS

REUNIÓN	DATA	HORA	LUGAR
1ª	19 de Abril de 2024	19:30	SALA DE REUNIONS DE COMISARIOS DEPORTIVOS, sita en: Rúa do Espírito Santo, 4 - 2º, Noia
2ª	19 de Abril de 2024	22:30	
3ª	20 de Abril de 2024	22:30	

ANEXO I: MAPAS PARQUE PECHADO E DE TRABALLO

PARQUE DE TRABALLO:

A ZONA AMARILLA, É ZONA ESPECIAL RESERVADA PARA ASISTENCIAS CON CAMIÓNS DE GRANDES DIMENSIÓNS




PARQUE PECHADO LABARTA:



PARQUES DE REAGRUPAMIENTO AMES:



PARQUE REAGRUPAMIENTO BRIÓN:



ANEXO III: MODELO DE SOLICITUDE PARA SUPER RALI



AATT.: Dirección de Carreira e dos Sres. Comisarios Deportivos da proba XXXVIII RALI BERBERECHO DE NOIA

O Concursante (Escudería) _____ con número de licenza _____, representando ó piloto _____ (Teléfono: _____) con licenza _____ participante na citada proba, co dorsal número _____.

EXPÓN:

SOLICITA

RECIBIDO AS:

RRPP.:

Nº de Licenza:

En Noia, ás __: __ Horas do 20 de Abril do 2024

ANEXO IV: SISTEMA GPS

1. Sistema GPS obrigatorio no Campionato de Galicia de Rallyes.

No Campionato de Galicia de Rallyes no desenrolo das probas, os vehículos de competición levarán obrigatoriamente instalado un sistema GPS. Será obrigatorio a utilización durante os recoñecementos programados polo organizador. Na proba será instalado nos vehículos de competición durante as verificacións técnicas. Este sistema GPS servirá de seguimento dos vehículos de competición e servirá para alertar á Organización dos equipos de posibles incidencias ou bandeiras vermellas. Tamén servirá para que os equipos soliciten axuda de emerxencia pulsando o SOS.

2. Funcionamento:

- a) O sistema deberá ter botón SOS. O SOS, deberase usarse UNICAMENTE en caso de EMERXENCIA.
- b) Deberase manter pulsado -segundo indícase nas instrucións- no momento que o equipo participante sufra ou vexa algún accidente que precise de axuda médica ou se atope en situación de risco para a seguridade.
- c) Cando o Director de Carreira, ao seu exclusivo criterio, considere que a situación de emerxencia e risco finalizou, os GPS implicados serán desconectados e non transmitirán ningún sinal de alarma para non bloquear a canle a outros equipos.
- d) O uso indebido do mesmo, ou a utilización para comunicar calquera outro motivo que non sexa axuda médica ou situación de risco para a seguridade, será comunicado inmediatamente aos Comisarios Deportivos.
- e) A non utilización do sistema GPS por parte dun equipo, tras sufrir un accidente, rotura mecánica ou abandono da proba, será motivo de penalización por parte dos Comisarios Deportivos.

3. Bandeira vermella electrónica:

- a) Nas probas puntuables para o Campionato de Galicia de Rallyes, será obrigatorio o uso dos dispositivos de GPS utilizados para o sistema de bandeira vermella electrónica.
- b) A pantalla que indique aos membros do equipo que se activou a bandeira vermella electrónica, deberá ser de leds de alta luminosidade. Poderá mostrarse a bandeira vermella electrónica por medio de pantalla a cor ou siglas de alta luminosidade. O provedor de servizos deberá entregar as instrucións de uso do código de bandeira vermella electrónica, xunto coas instrucións do dispositivo.
- c) So se pode activar/desactivar a bandeira vermella electrónica dende Dirección de Carreira.
- d) Unha vez sexa mostrada a bandeira vermella electrónica no dispositivo GPS, o equipo deberá pulsar o botón que, da conformidade á Dirección de Carreira, de que se verificou a mensaxe de activación da bandeira vermella electrónica. Non pulsar o botón de conformidade de que o equipo recibiu a bandeira vermella, será motivo de penalización baixo criterio dos Comisarios Deportivos.
- e) Unha vez mostrada a bandeira vermella electrónica, o equipo deberá cumprir o estipulado neste artigo:
Os Equipos aos que se mostre bandeira vermella Electrónica, deberán reducir a súa velocidade de forma inmediata e seguir as instrucións dos Comisarios de Ruta e dos membros dos vehículos de seguridade cos que se atopen. A velocidade máxima que poderá alcanzar un equipo ao que se lle mostrou bandeira vermella dentro do treito cronometrado, non poderá exceder de 80 km/ h. O Director de carreira, poderá facer uso do sistema GPS para verificar que se cumpre esta normativa. Non respectar esta regra comportará unha penalización baixo criterio dos Comisarios Deportivos.

4. Entrega devolución do aparello GPS:

- a) A entrega do dispositivo GPS realizarase nas verificacións técnicas.
- a) A devolución do dispositivo GPS realizarase no Parque Pechado ó finalizar a proba, ou a un membro da organización designado a tal efecto.
- b) En caso de abandono na proba por avaría ou accidente, o equipo é o responsable de entregar o GPS na oficina de Carreira (Dirección de Carreira) ou no lugar estipulado dentro do regulamento particular da proba. Deberase entregar a maior brevidade posible, e sempre antes da finalización da proba.
- c) A empresa provedora comprobará a súa correcta instalación e funcionamento.
- d) O concursante que non devolva o dispositivo GPS, ou que devolvelo o faga en condicións defectuosas, será obxecto dunha sación económica a pagar ao Organizador. Este será o sistema de Alertas en caso dunha incidencia.

SPICA III

Manual de uso rápido



● NOTIFICACIÓN DE SOS

Para solicitud de atención médica inmediata ou notificación de vehículo que impide totalmente o paso de outros participantes.

+ Pulsar botón vermello e verde simultaneamente durante 2 segundos.



● NOTIFICACIÓN DE AVARÍA

Notificación de que un vehículo non pode continuar, pero non obstaculiza o paso. Pulsación botón vermello 2 segundos.



● CONFIRMACIÓN TODO OK?

Si desde dirección da carreira se solicita información do estado dos participantes. 3 posibles respostas:

- Para indicar que está todo ben
- + Para indicar S.O.S.
- Para indicar AVARÍA

alternando con pantalla completa en rojo.



● BANDEIRA VERMELLA / RED FLAG

A pantalla mostra as letras "RF" (Red Flag), alternando coa pantalla completamente en vermello.

O participante debera pulsar o botón Verde para confirmala lectura.

anube.es

V5 - 2020

ANEXO V: 3º TROFEO PORTUS APOSTOLI – ESCUDERÍA BERBERECHO



A Escudería Berberecho, xunto ca Asociación Portus Apostoli, organiza a 3ª Edición do Trofeo co mesmo nome,

O Trofeo está reservado a todos os equipos da Escudería Berberecho que participen no XXXVIII Rali Berberecho de Noia.

Os premios a outorgar serán para os 3 primeiros clasificados da Escudería Berberecho na Clasificación Xeral do Rali, sendo obrigatorio que acudan os dous membros do Equipo á entrega de Premios.

Os premios serán:

1º Clasificado: 300 € e Trofeo para Piloto e Copiloto

2º Clasificado: 200€ e Trofeo para Piloto e Copiloto

3º Clasificado: 100€ e Trofeo para Piloto e Copiloto

ANEXO VI: 2ª COPA VENTANAS XAGAL – ESCUDERÍA BERBERECHO



A Escudería Berberecho, xunto con Ventanas Xagal S.L., organiza a 2ª Edición da Copa co mesmo nome,

O Trofeo está reservado a todos os equipos da modalidade de Tracción Traseira de 2 Rodas Motrices que participen no XXXVIII Rali Berberecho de Noia; sen importar motor, cilindrada nin modelo.

Os premios a outorgar serán para os 3 primeiros clasificados con Tracción Traseira na Clasificación Xeral do Rali, sendo obrigatorio que acudan os dous membros do Equipo á entrega de Premios.

Os premios serán:

1º Clasificado: 300 € e Trofeo para Piloto e Copiloto

2º Clasificado: 200€ e Trofeo para Piloto e Copiloto

3º Clasificado: 100€ e Trofeo para Piloto e Copiloto